

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ORDE do 3 de abril de 2018 pola que se modifica a Orde do 23 de febreiro de 2018 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes desta consellería, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral (código de procedemento ED010A) (Diario Oficial de Galicia número 48, do 8 de marzo).

No *Diario Oficial de Galicia* nº 48, do 8 de marzo de 2018 publicouse a Orde do 23 de febreiro de 2018 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes desta consellería, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral (código de procedemento ED010A). Esta orde derogou a Orde do 9 de xuño de 2017, na cal se contiña a regulación destas comisións de servizos.

Tendo en conta as novidades introducidas por esta regulación con respecto á anterior, tanto no que se refire ao seu contido como ás normas de procedemento, e co obxecto de facilitarles ás persoas solicitantes a adaptación á nova normativa, sobre todo no que atinxe ao uso de medios electrónicos na presentación de solicitudes, considérase oportuno introducir un réxime transitorio para a presentación de instancias para as comisións de servizos correspondentes ao curso escolar 2018/19.

Na súa virtude, no uso da autorización conferida pola disposición derradeira primeira do Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por funcionarios públicos docentes que impartan ensinanzas de niveis non universitarios,

ACORDO:

Artigo 1. *Modificación da Orde do 23 de febreiro de 2018 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docen-*



cia en centros dependentes desta consellería, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral (código de procedemento ED010A)

Modifícase a citada Orde do 23 de febreiro de 2018 no sentido de introducir unha disposición transitoria única da seguinte teor:

«Disposición transitoria única. *Prazo de presentación de solicitudes para as comisións de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral correspondentes ao curso escolar 2018/19*

Para as comisións de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral correspondentes ao curso escolar 2018/19, o prazo de presentación de solicitudes será o comprendido entre o 23 de maio e o 5 de xuño de 2018, ambos incluídos. Para as persoas que superen o procedemento selectivo de ingreso ou acceso no corpo correspondente e estean pendentes de ser nomeadas funcionarias en prácticas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o prazo será o indicado no punto 2 do artigo 7 desta orde».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

